

NOME CIENTÍFICO

Ligustrum lucidum

Descrición:

É unha árbore de folia perenne que pode acadar os 10 metros de altura. A súa copa é ancha e as súas follas se dispoñen opostas. Son de cor verde brillante, cunhas dimensións de 6-17 centímetros de longo e de 3-8 de ancho.



78

As súas flores son brancas e crecen en panículas (acios ramificados de flores).

Familia: Oleaceae

Orixe: Sur de China

Nome común: Aligstre



79



81

O froito é unha baia carnosa de cor negra.



80

As súas follas son perennes cunhas dimensións entre 6-17 centímetros de longo e 3-8 de ancho.

Ligustrum lucidum

Hábitat

É unha especie que posúe unha ampla valencia ecolóxica, o que significa que os seus requirimentos de hábitat non son moi severos. No sur de China, de onde é orixinaria, pode medrar en zonas tanto luminosas como de sombra e as súas necesidades de auga non son demasiado elevadas.

É considerada unha especie invasora no sur de EE.UU e en Australia e Nova Zelandia onde se lle considera unha praga.

Usos ou propiedades

En Europa ten unha utilidade meramente ornamental. En China, na súa medicina tradicional, utilízase como remedio contra a impotencia sexual, debilidade en xeral e enfermidades de ril.

Categoría IUCN

Non avaliada (NE)

Curiosidades

Ligustrum é o nome latino do ligustro e “lucidum” significa “brillante, luminoso”, facendo referencia á cor das súas follas.